



**NÚMERO
100**

Máis primaveras

SUSO MON, PRESIDENTE DE ERGAC

Hai agora algo máis de 8 anos, no mes de abril do ano 2000, saía á rúa o primeiro número do A Micro Pechado. Foron a ilusión e o pulo dunhas poucas persoas as que botaron a andar este marabilloso proxecto. No xermolo do mesmo estiveron o primeiro director do voceiro e tamén, atévome a dicir, o pai da idea, Antón Fernández e Ana Belén Real, quen o dirixiría a continuación algúns anos despois, dándolle na súa etapa un novo feitío e ampliando o número de páxinas. A responsabilidade do voceiro pasaría máis tarde polas mans de Xosé Manuel Fernández que fixo un grande esforzo por mellorar a súa distribución para chegar a puntos clave da vida cultural da cidade de Barcelona. Arestora é Helena Domínguez quen o dirixe, e da súa man o A Micro Pechado vén de facer unha importante renovación de contidos e de forma, mesmo incorporando por vez primeira a cor, neste caso nas páxinas exteriores. Sabemos que Helena ten en mente introducir a partir deste número 100 aínda máis melloras. Dende estas páxinas e sendo o máximo responsable de ERGAC só me resta dicirlles a todos eles e a todos aqueles que colaboran e teñen colaborado ao longo destes máis de oito anos no noso voceiro: GRAZAS !!! Por facer realidade este milagre que se chama A Micro Pechado. A única publicación mensual en lingua preeminente galega e a primeira que chega á centena de toda a diáspora. Hai en todo isto sen dúbida algo de milagre humano que abrolla, penso, de dúas cousas: convicción e satisfacción. A convicción de que o país do corazón e dos sonhos se constrúe día a día, nesa misteriosa teima que temos os humanos, cando menos algúns, de seguir sendo nós a pesar de todos os imaxinables pesares. E da satisfacción, aquela que dá o saber que en trabes coma na deste voceiro de noso se asenta a Galiza próspera, culta, ceibe e universal que arelamos e teimamos en construír neste caso aquí “a la Catalunya que ens acull com els seus fills”. Hoxe, 25 de xullo, na celebración do Día da Patria Galega 2008 en Catalunya, coa vontade de proxectar a patria de orixe na de acollida, ollamos cara ao horizonte desexando que o A Micro Pechado teña moitas máis primaveras.

Neste número...

Os lectores habituais do A Micro Pechado (AMP) daranse conta de que esta edición non é coma as demais. Chegamos aos cen números e queremos celebralo botando a vista atrás. Os nosos colaboradores habituais aparcan temporalmente as súas seccións para reflexionar, desde a súa experiencia persoal, sobre o propio AMP. Como coñeceron a publicación, porque comezaron a escribir, cales son as súas motivacións... Verán que cada un ten un punto de vista diferente e tamén que teñen un denominador común, a ilusión. Así pois, o número de páxinas extra, 12 en vez de 8, e a cor, son o noso traxe de festa. A portada foi deseñada por Luis Berroy e a contraportada, por Xosé Manuel Fernández, respectivamente. O seguinte número do AMP, voltará en outubro. Cambiamos a periodicidade mensual pola bimensual.

Do pasado e do futuro do AMP tamén falaremos o próximo sábado 26 de xullo en Barcelona, durante a presentación pública deste número 100. Ergac únese ao Foro Cívico Galego de Barcelona para presentar, nunha data moi especial, as súas respectivas publicacións.

“Día da patria galega en Catalunya 2008”

Presentación do A Micro Pechado nº100 e do monográfico da revista reNOVA GALiza, dedicado nesta ocasión á diáspora científica galega.

Sábado 26 de xullo ás 18:45h.

Cotxeres de Sants (C/Sants 79, BCN). Sala de conferencias. Aberto ao público.

- 18.45h. Benvida
- 19.00h. Presentación do monográfico do nº3 da revista reNOVA GALiza que edita o FCGB: “A fuga de cerebros: a diáspora científica galega (I)”. Camilo Valdehorras e Xavier Poza.
- 20:00h Presentación do número 100 do “A Micro Pechado”, a revista galega de Catalunya editada por ERGAC. Suso Mon, Manolo Piñeiro, Martí Aviñoá..
- 21.00h. Interpretación do himno galego e brindis.
- 21.45h. Finalización

ENTREVISTA



“O AMP está entre un fanzine e unha revista de información xeral”

Antón F. Escuredo (Bos Aires, 1967) é licenciado en Historia da Arte. Participou en numerosos proxectos asociativos en Barcelona entre os anos 1992 e 2004. Principal promotor do *A Micro Pechado*, actualmente vive en Galiza e é o redactor xefe do xornal galego *A Peneira*.

Texto: EDUARD DEL CASTILLO

—Como nace a idea do AMP?

Levaba xa un tempo coa idea de que había un oco moi grande a nivel informativo na emigración galega en Barcelona. No ano 2000 presentei a idea nunha reunión de ERGaC. Pensaba que poderíamos chegar a toda esa xente á que non chegabamos polas ondas, e a outros barrios onde non emitíamos. Tamén poderíamos dar voz á xente que daquela non a tiña ou que non se podía desprazar aos programas e, por que non, facer un pouco de historia recuperando as actividades que faciamos as entidades galegas. Sería unha maneira de deixar para o futuro, mes a mes, todo o que acontecía no mundo galego de Catalunya.

—E como lembramos os inicios?

Dábanos moitísimo traballo. Eu preparaba os textos e Ana Belén Real maquetaba. Logo contabamos con tres ou catro colaboradores. Eu empregaba as fins de semana xa que traballaba todo o día... Aínda así sacabamos tempo para o AMP. Eu creo que desde os inicios había moitísima implicación das persoas, vivías tamén un pouco para o AMP.

—De que maneira se comezou a confeccionar?

Aproveitabamos moito material dos programas, como as entrevistas, e pediámoslles artigos aos colaboradores...

Ao principio non tiñamos moita idea de como funcionaba un medio escrito, nós eramos de radio. Comezou facéndose en fotocopias. Ao pouco de saír moita xente xa se puxo en contacto con nós, e iso dábanos azos. Chamaban do Consello da Cultura Galega ou do Centro de Estudos Ramón Piñeiro, dicindo que estaban interesados, e non sabías nin como chegara ás súas mans un número da nosa publicación. O *A Micro Pechado* sempre chegou gratuitamente á xente alí onde houbera actividade galega. Levouse a concertos, a obras de teatro... Coido que o que debería definir no futuro o AMP é a súa base: un intermedio entre un fanzine e unha revista de información xeral.

—Un día deixaches a dirección de AMP, a que te dedicas agora?

Hai que dicir que ERGaC deu moi bos profesionais dos medios de comunicación. Temos por exemplo a Xosé Lois Osorio, que estivo traballando moitísimos anos en emisoras importantísimas do Estado e de fóra do estado... E eu seguí ese camiño. Gustoume tanto que agora estou traballando nun xornal en galego, *A Peneira*, como redactor xefe, e coido que é en parte grazas a ERGaC e, se estou nun medio escrito, grazas a *A Micro Pechado*.

CEN MESES DE ILUSIÓN

O Centro de Estudos Ramón Piñeiro está a recuperar a memoria da emigración a través da reedición facsímile das publicacións da diáspora. Cada unha delas ten nas súas páxinas parte da historia individual e colectiva de milleiros de galegos. Traballaban horas e horas coa intención de voltar á terra ou de procurarlles un futuro mellor aos seus fillos. Algúns chegaron a ter postos de importancia, a maioría quedaron no anonimato. Aínda así parte da súa traxectoria vital quedou impresa, daquela, en edicións da máis variada procedencia: boletíns, revistas, xornais... Son unha fonte inesgotable de información para os que queremos saber máis das liñas do noso pasado. *A Micro Pechado*, coa súa humilde presenza en Catalunya primeiro, e despois tamén en Andorra ao longo destes cen meses, conseguiu traspasar a primeira idea dos seus creadores, entre

os que me atopo, de ser o voceiro dunha entidade. Agora ninguén pon en dúbida de que é un referente obrigatorio para os que precisen saber, en clave galega, que aconteceu desde o ano 2000 nos territorios de fala catalá. Os seus contidos tiveron eco nos máis importantes medios de comunicación en lingua galega (*A Nosa Terra*, *Vieiros*, *A Peneira*) e institucións como o Consello da Cultura Galega e o propio Centro de Estudos Ramón Piñeiro están subscritos e contan coa colección completa dos 100 números xa publicados. Polas súas páxinas pasaron nomes consagrados das nosa cultura e sinaturas pouco coñecidas pero con moito que contar. Dicir que ten que acadar cen números máis é pouco; do seu futuro dependerá a memoria das actividades que se realicen e non teñan máis publicidade que a presenza do micro de ERGAC.

ANTÓN F. ESCUREDO



UNHA GRAN EXPERIENCIA

Na miña adolescencia, escoitara falar ó meu pai dun programa de radio en galego. Chamoume a atención, pero non asimilei o que podía significar iso a mil quilómetros da Nosa Terra. Nas tardes de estudo na biblioteca do meu barrio en Barcelona, de cando en vez lía unha páxina do “A mi-

cro pechado”.


Uns anos máis tarde, nun verán moi caloroso da miña aldea de Ourense, namentres tomabamos café os da banda de sempre, atopamos nun recuncho moi pequeniño dun xornal, un anuncio sobre un foro cívico galego en Barcelona, sorprendeunos moito e... ao chegar setembro propuxémonos contactar cos armadanzas de tal colectivo galego en Catalunya. Así foi como comecei a coñecer a xente que estaba nunha situación similar á miña, cunhas ideas e uns sentimentos similares. Paco Castro presentounos a Suso e á xente do Foro, e Suso convidounos un día á radio. Era des-

pois deses programas cando se falaba e planeaba como ía a ser a semana seguinte. Tamén se falaba doutros proxectos pendentes, como o voceiro AMP, que eu xa lera hai anos, e moitas outras actividades como a celebración das xornadas do 11 de setembro, obras de teatro en galego (Furafollas)... Animáronnos a participar nalgún deles, eu non sabía como podía achegar algo a tan gran laboura!

Anoteime ós cursos de galego do Departamento de lingua galega da Universitat de Barcelona e con isto comecei a asistir ás conferencias que alá se realizaban. Así foi como comecei a ler a cotío a revista, era como unha adición esperar cada mes esas oito follas concentradas en galego e máis en catalán, e aínda que o idioma era unha pequena barreira para min, finalmente decidínme a escribir un pequeno artigo cada mes. Foi unha experiencia moi enriquecedora. Aprendín moito de todos vós!

Teño que felicitar a toda a xente que organiza e impulsa día a día o sentimento da cultura galega, aínda lonxe da Terra. Levo un ano e pico en Galicia e agora aínda valoro máis, se cabe, toda esta labor. Dende aquí a xente non é consciente de todo o que se fai no exterior pola nosa cultura.

ABRINDO PORTAS



Despois de tres anos en Barcelona, un bo día cando subía polas escaleiras da biblioteca de Garcilaso na Sagrera, atopei un pequeno voceiro no que unhas palabras en galego chamaron a miña atención. Leveino para casa e esa mesma noite lin atentamente o que dicía, máis coa idea de saber que xentes se dedicaban a falar de Galiza en Catalunya que polos seus contidos. A miña sorpresa inicial medrou cando vin que a cuestión do voceiro era soamente unha pequena parte do traballo que se estaba a facer. Oe, hai quen fai programas de radio en galego en Catalunya e en Andorra!

Días despois mirei en internet por se había máis información pero non vin moito máis. Quedou así a cousa. Ese verán, tomando un café nun bar de Maceda en Ourense, atopei un pequeno anuncio na última páxina dun xornal que é biblia dos ourensáns, La Región. Falaba dunha revista anual que se publica en Barcelona, “reNova Galiza”. Pensei no voceiro da biblioteca. Tiña que haber un movemento cultural galego en Barcelona que para min era descoñecido ata ese momento. A galegitude catalá non se reducía soamente ás gaitas e mariscadas varias dos centros galegos.

Pasado o verán, falei con Suso e quedamos en ver nos no programa que el dirixe os sábados en Sants-3Radio. Chegamos á emisora e cando nos quixemos dar conta xa estábamos sentados diante do micro. Foi xenial. Facer radio con ese grao de profesionalidade sen ningún tipo de lucro merece un monumento. Suso, cando quitamos a estatua de Millán Astray na Coruña para por unha túa?. Pouco a pouco, fun abrindo portas dun mundo que para min non existía, un mundo de xente que traballa para amosar en Catalunya unha Galiza distinta, que traballa para romper tópicos e para dignificar a nosa cultura.


Hoxe, xa retornado, lembro os cafés dos sábados despois do programa. Falar de Galiza e dos galegos, da actualidade do país, da diáspora e do retorno... era para min un momento especial da semana, case unha necesidade para saber de nós, para soñar xuntos. Nesta Galiza na que os propios galegos asinan manifestos en contra da súa lingua, bótanse en falta aquelas conversas. Canto debedes de estar a criticar agora, se falaran as paredes do bar igual nos levaban a todos presos.

Nesta Galiza de manifestos é para min unha alegría ler cada mes o AMP e ver como desde Catalunya se segue facendo país. Un AMP que mellora día a día e que agora chega aos cen números despois de percorrer un longo camiño. É un orgullo para todos, pero en especial para quen dirixe, maqueta, corrixe, fai envíos... agora Helena, antes Ana Belén, Eduard, Antón... mercedes todos os parabéns do mundo. Os outros limitámonos a enviar unhas liñas cada mes e moitas veces nin sequera a tempo. Pola miña parte seguirei ver-tendo cabreos no AMP ata que me deixedes, e non perderei a oportunidade de compartir outro café con vós cando vaia por aí.



Exposición fotográfica de Ce Tomé, na galería Sargadelos de Barcelona

Caso pechado



SARA DÍAZ. BCN.

Hai obras que impactan co primeiro golpe de vista e hai artistas que precisan do tempo e do silencio para captarte. Inauguración da exposición de Cé Tomé o 26 de xuño na Galería Sargadelos. "Caso Pechado". 32 imaxes de tapias. Tes que facer un artigo. Fotografías de tapias... Cheguei á parte superior da Galería. Baleiro. Soa, comecei a xirar. "Tapias"-pensei- Quen fotografía tapias? Alguén que pasa un momento difícil? Alguén cunha personalidade pechada?...Si, definitivamente, sentiríase nun mal

momento cando retratou muros. Os Balcáns, Xénova, Mosca... Estivo nos distintos lugares para crear a serie ou atopouse coas tapias como por casualidade creándose a serie despois? No ángulo dereito unha imaxe olla cara min interrogante. Unha tapia como as outras...pero non... non, esta parece aberta, que hai detrás?... Achégome á imaxe. Parece que está aberta, si, definitivamente está aberta...Por que pechala? Que hai de importante detrás? Final ou comezo? Silencio. Pasos. Comecei a sentir

angustia.

—Que che parece?

—Aínda non o sei, creo que me gusta, aínda que só sexan tapias —rin—.

—Si, algunhas fan que te preguntes cousas. Iso pensei eu coa primeira instantánea- Dixo el. Convidoume a unha copa de albariño para brindar co resto das persoas que viñeran á firma de libros. Chegou máis xente, brindamos, rimos e foise o silencio que quedou lapidado polas risas do albariño.

"No fondo son so tapias"-pensei-



EDUARD DEL CASTILLO. BCN

El Matí de Catalunya Ràdio


Els 100 AMP coincideixen amb la desaparició d'El Matí de Catalunya Ràdio, el programa radiofònic que ha conduït l'Antoni Bassas durant 14 temporades, i que deixa en una mostra de dignitat professional. Per als que ens dediquem a la difusió de la llengua i la cultura dels Països Catalans, tant dins com fora de casa, la fi d'El Matí representa la pèrdua d'un espai que ens confirmava, dia rere dia amb rigor i independència, que existeix el país i el poble per al qual treballem.



Miguel López Calzada

ERGaC é unha asociación sen ánimo de lucro, que traballa no eido da comunicación local, para darlle visibilidade á lingua e á cultura galegas no espazo comunicativo catalán.

www.ergac.org



Barcelona Atlàntica, por Silvio Falcón

O Barcelona Atlàntica foi o último programa en chegar ás ondas de ERGaC. Da man de Pablo Aguiar, con colaboradores como Rubén Conde, Judith Vázquez ou Ana Belén Real, o Barcelona Atlàntica converteuse en poucos meses nun referente dentro dos programas da radio na que emite, Ràdio Trinitat Vella (91.6). As entrevistas, a actualidade, a ciencia (coa sección Laboratori XXI á cabeza) e tamén a boa música conformaban a columna vertebral do programa. Judith, Pablo e Ana Belén voltaron á Galiza, e o programa, en decembro de 2007, cambiaba de xente.

O Barcelona Atlàntica pasou a ter un formato máis semellante ao de outros programas de ERGaC, como o Galiza... Algo Máis de Suso Mon en Sants3Ràdio, tocando temas máis relacionados coa cultura e coa actualidade política galega. Quen

vai agora na nave do

Barcelona Atlàntica? Silvio Falcón, na dirección, e Pablo Ínsua. O formato actual tamén inclúe as entrevistas e as conexións periódicas con membros de ERGaC na Galiza: Pablo Aguiar, Xosé Manuel Fernández.

Nesta tempada 2007-2008 o Barcelona Atlàntica, que emitía xa por internet na dirección www.rtv-fm.com, comezou a pendurar os seus programas no seu blog <http://bcnatlantica.blogspot.com>. O obxectivo principal da dirección foi achegar os programas de ERGaC entre eles, con colaboracións de Suso Mon e Alberte Montes (principalmente) no Barcelona Atlàntica (así como de forma inversa). O futuro? Unha tempada máis, polo menos, nas ondas de Ràdio Trinitat Vella.

Galicia no Vallés

Este programa pasa por ser o decano dos programas de radio en galego en Catalunya. Comezou as súas emisións aló polo ano 1981 en Radio Mollet -96.3 FM-. Así que estamos a falar de 27 anos de radio. Toda unha vida. Nos seus contidos combina as novas e entrevistas coa música galega. Aínda que tivo diferentes responsables e colaboradores, a persoa de referencia e directora do programa é Isabel Ares, actual presidenta tamén da Irmandade A Nosa Galiza de Mollet del Vallès, entidade nacida en 1978 e á que sempre estivo vencellado Galicia no Vallés. De tal xeito que o programa é tamén a miúdo a voz pública das diversas actividades lúdicas e culturais que realiza a entidade ao longo do ano.

Aturuxos Bóla Extra

Aturuxos Bóla Extra é o programa de radio que produce ERGaC para Ràdio Ciutat Vella (100.4 FM). Ten cobertura sobre o distrito barcelonés de Ciutat Vella e sobre a parte oeste da área metropolitana de Barcelona. O programa comezou a súa andaina en outubro do ano 1996, e naceu co anxeio de transmitir a cultura galega dun xeito ameno e divertido. Como todos os programas de ERGaC, o espazo sufriu ao longo destes anos unha evolución e cambiou de direc-

tores e colaboradores en varias ocasións, sempre mantendo un fío condutor, o humor. Na actual tempada, "Aturuxos bóla Extra" está dirixido por Alberte Montes, coa colaboración de Pau Navarra, Carles Soterias e Guille Zeller no estudo, e de Xosé Manuel Fernández, vía telefónica desde Compostela. Os contidos, en galego e en catalán, non deixan indiferente a ninguén: cinema, música electrónica, sátira política, internet, historia, actualidade, humor... mesmo maxia en directo!



Morriña

Con máis de 1.500 programas, “Morriña” é o espazo de Ergac con máis horas de emisión. Ao seu director e condutor habitual, o ourensán Manolo Piñeiro, nado no extinto concello de Canedo, entroulle o becho da radio cando, como moitos outros restauradores galegos, comezou a colaborar cun emisora local de Barcelona proporcionando receitas de cociña. Pero non quedou aí a cousa, porque o 11 de setembro de 1990 saía en antena co seu propio programa, “Morriña”, dirixido á comunidade galega. Gústalle contar que nos seus comezos só dispuña de catro discos de música. Ata que día unha muller chamoulle á atención en directo por repetir sempre as mesmas cancións e, tras facer un chamamento aos oíntes, nunha semana xuntou máis de cen CDs. Logo de pasar por varias emisoras, o programa Morriña desenvolveu a súa última etapa desde os estudos de Radio Unión Catalunya, clausurada recentemente. A Manolo Piñeiro sumouse Toni Cotado, e entre os dous, lograron engaiolar a unha ampla audiencia galega nas noites dos luns. En setembro saberemos cales son os novos derroteiros do programa.

Galicia máis cerca

Dende o 14 de outubro de 2002, Andorra conta cun programa radiofónico en lingua galega. O seu impulsor e locutor principal é Xosé Luís Osorio, que antes realizara diversos programas para ERGaC en Barcelona. O programa está vencellado á Casa de Galicia de Andorra e emítese a través da emisora R7P. O espazo achega a actualidade aos galegos residentes en Andorra, ademais de realizar un repaso á axenda cultural galega no Principado e ás novas chegadas dende Galiza.

Galiza algo máis, por Suso Mon

Segundo nos contan os que nos precederon, o Galiza algo máis vén de lonxe. O programa naceu aló polo ano 1994 en Radio Sants-Montjuich baixo a dirección de Moncha Prieto, quen para entón era tamén presidenta de ERGaC. Coa volta de Moncha a Galiza o programa quedou nas mans de Xosé M. Sancho e Antón Fernández estando case sete anos en antena, deica ao 2001. Todo un fito da constancia voluntaria que profesamos os que nalgún intre formamos parte do proxecto de ERGaC. A pausa do programa durou a penas dous anos. No 2003 Antón Fernández renaceuno en Sants-3Radio, unha incipiente emisora do barrio onde comezara, constituída arestora en referente da información local do mesmo. O novo Galiza algo máis que Antón Fernández botou a andar foi un programa amplo –de dúas horas – e diverso. A finais do 2003, cando eu me incorporei a el, estaban aló, ademais do director, Martí Aviñoá na produción, Raúl González na cultura tradicional e costumes e Xosé Conde –Xepe- na sección de ecoloxía e medioambiente, naquel intre aínda anegada polo chapapote do prestige. A miña achega fora daquela encetar o espazo literario. Así que fomos tres colaboradores, un produtor e un director, vamos como nos programas profesionais. En Marzo de 2004 novamente un director do programa collía o camiño de Galiza, quedando este nas miñas mans. Pasado o verán dese mesmo ano a emisora decide recortar as emisións en di-

recto dos sábados e pasamos a ter unha hora. Dende entón até hoxe o programa sae ás ondas da cidade de Barcelona todos os sábados de 17h a 18h, coa vontade, como sempre lembramos na súa entrada, de falarmos do que acontece no mundo empregando a lingua galega e cunha cosmovisión propia, a que fornece a nosa condición galego-catalá. Son catro anos de esforzo, constancia e teimosía que para un traballo voluntario ás veces se pode facer costa arriba pero que ten moitos momentos tanto de íntima como de pública satisfacción: velá o II premio acadado no apartado de Radio e TV dos premios da Secretaría Xeral de Emigración 2007. Quero aproveitar estas liñas de remate para agradecer a todas as persoas que estiveron no programa, física ou telefonicamente, facendo a súa achega, e moi especialmente a aquelas persoas que dun xeito máis estreito e continuo teñen colaborado nestes últimos catro anos a facer do Galiza algo máis unha fermosa e necesaria realidade. Eles son: Martí Aviñoá na produción, Helena Domínguez na condución, e como colaboradores, Xosé Conde–Xepe-, Raúl González, Ma. López Ferreiro, Rubén Permy, Pablo Aguiar, Ana Belén Real, Eduard del Castillo e Antón Fernández. E a todos vostedes que nos len, lembren: Galiza algo máis, todos os sábados de 17h a 18h en Sants3Radio.cat: unha fiestra aberta á realidade galega.



LITO CARAMÉS

A ONDA E O MICROCOSMOS

O que me agrada das efemérides é a emoción compartida.

Cando me animei e decidín colaborar coa publicación A Micro Pechado, xa tiña relacións de longo con membros de ERGAC. Moitas e moitos deles roldaban (e roldan) os eidos nos que eu termo a rella do teatro: militar o engado e sentir a

forza escenográfica que artellamos un fato de persoas, ás que Baranga procura disciplinar. Vivir Furafollas.

Levaba tempo usando a publicación A Micro Pechado nas clases de Cultura e Lingua Galegas. Cousa que sigo a facer. A lectura, comprensión e comentario de noticias e artigos que van saíndo nos números mensuais, resultan bos exercicios para a rapazada do ESO que se achega a Galicia desde o cubil con gabinarte que brindan as clases nos institutos. A multiculturalidade do Proxecto Galauda.

Custa agora lembrar con claridade as motivacións que se convocaron para iniciar as entregas a AMP. Teño para min que foi un proceso de seu. Como a mazá que se pon vermella. Como os planetas que se aliñan no compadreo. Tiña que acontecer. A onda que fornece o vívido ronsel de A Micro Pechado había baterme coa convicción de que cumpría seguir aquel vieiro. E así foi.

Houbera precedentes. Mediando 2002, A Micro Pechado publicou unha poesía miña na primeira páxina: Percepcións, unha homenaxe á radio e ás xentes da radio. A proposta de rima libre enleaba accións que saen das ondas hertzianas, e remataba coa necesidade de tal medio de comunicación: Para iso: o trebello que fala.

Para participar desde fóra de ERGAC nos números de A Micro Pechado, quixen refuxiarme no pequeno formato --Microcosmos persoal--, tal vez para seguir a liña da publicación: brevidade e precisión. A escusa atopeina nos lóstregos das raiceiras rurais que decote alustran os miolos. Así, as recorrencias van deitadas aló por onde moran as vivencias aquelas e endóxeñas de Vilarouto. E, por mor de confrontar xeografías do mesmo territorio ficticio, atallei polos carreiros que levan á estrada que nace (ou morre) en Vilachá: rúas vilegas dispostas a debuxar servizos, a dialogar co rural. Todo un mundo, actual e pasado, a rebulir en poucas liñas.

Ano novo, escrita nova. Daquela, acordei con Ana Belén comezar a colaboración con A Micro Pechado en xaneiro de 2005. Lembro moi ben aquelas dezanove curtas liñas, con fondo escuro, que remataban a terceira plana do número 57 de AMP. Non son quen de aventurar significados nese primeiro micro-relato que publiquei; pero tanto o título (O Túnel) como a primeira liña (A luz do día faise neboeiro espeso e brillante) convidan a elucubracións luminosas. As referencias quizais atinxen o fondo escuro que agarima a escrita. Ou irán máis aló?

Todo o que podo dicir de A Micro Pechado --xa da súa lectura, xa da participación nas súas follas-- é satisfactorio. E non pode ser para menos. Xa o ano 2005 foi un ano de escrita feliz. Non só comecei a xeira de micro-entregas para A Micro Pechado, senón que continuaron as reflexións e as críticas sobre exposicións de arte que viña plasmando en vieiros-barcelona. E, como non!, veu a luz o libro de relatos E agora pasa un tren, editado con amor e moito esmero por BiblosClube.

Agora, A Micro Pechado chanta unha fita máis no seu camiño editorial. Chega ao número cen. A Micro Pechado son fiestras abertas á sensibilidade, á noticia, ás persoas, á cultura. AMP é grande. Coma o mítico Penedo dos Cen Buratos --cogomelo granítico comesto por baixo-- no que nacen e moran os ecos das ondas que conforman a bóveda que acubilla a todos nós.

Agardo a emoción compartida dos cinco centos ronseis.



JESUSA RIAL

VIVIR E NON VIVIR EN GALICIA

Marchar de Galicia non é doado. Pero quedarse tampouco. Ás veces supón gozar dunha impagable calidade de vida, dun clima que sabe distinguir cada estación, e de tantos outros privilexios dos que non vou falar aquí, pois non creo que descubriera nada novo.

Quixera aproveitar a celebración do número 100 deste lugar de encontro chamado "A Micro Pechado" para facer unha humilde homenaxe a esta terra que sobrevive a pesar dos numerosos obstáculos que se atopou ó longo da Historia e actualmente, entre os que se atopa a vosa marcha.

En Galicia hai que convivir con aquel famoso caciquismo do século XIX, tan vixente nos nosos días como entón. En Galicia desprézase a valía da xente nova, a riqueza dos seus recursos naturais e todas as potencialidades que ofrece

unha terra tan privilexiada. Antes, a "culpa" era do que gobernaba antes. Pero o certo é que, o cambio de goberno fai xa case catro anos, non ofreceu cambios apreciables. Máis ben, deunos a gran sorpresa da decepción, rescatando leis inxustas que permanecían apartadas nun caixón. O enchufismo convive connosco sen ningún pudor por parte de quen o practica, e mentres tanto, máis de 20.000 persoas novas emigraron ó longo do ano pasado. Con todo isto, pódese caer na idea de que, aínda neste século XXI, Galicia viaxa sen rumbo ó seu inevitable destino tráxico. Pero, a pesar de todo, eu non o creo así. E, sendo hoxe un día de celebración, gustaríame resaltalo. Porque mentres Galicia siga producindo xente humilde e traballadora, xente disposta a enfrontarse contra tantos muros de formigón como faga falta, aínda que só exista unha persoa así, haberá esperanza. Por iso nunca debemos esquecer todo o que a nosa terra nos necesita. A vós, aínda que esteades lonxe, e a nós, aínda que esteamos aquí.

QUEN CHE PREGUNTOU?



XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ

Nesta ocasión si que me preguntaron, que conste. O AMP está de celebración e teño o encargo editorial de falar del dende a miña experiencia persoal. Como sabedes, esta humilde publicación chegou xa aos 100 números, cousa que ten moito mérito se temos en conta que se edita integramente en galego, que conta con recursos persoais e materiais mínimos e que se fai na emigración. Xunguindo ilusión e compromiso para que tirasen do carro fixémolos posíbel. Non hai máis segredo.

Na vida son moi importantes as pequenas satisfaccións persoais e a tranquilidade de conciencia por ter feito algo para contribuír a unha boa causa. Colaborando no AMP, eu vin cumpridas estas dúas premisas morais.

Aquela folla-axenda que nacera cara o ano 2000 foi pouco a pouco enchéndose de contidos e de colaboracións, a maioría modestas e pouco coñecidas pero non por iso exentas de calidade.

Baixo esa filosofía deportiva de “o importante non é gañar senón participar” moitos amig@s de ERGaC deron conta de crónicas sobre a comunidade galega en Barcelona, da súa creatividade, das súas lérias, dos seus pensamentos... O voceiro de ERGaC e axenda cultural da emigración galega en Catalunya foi medrando e foi servindo tamén, se me permitides a expresión, de efemérides do movemento cultural galego por terras catalás. De feito, eu mesmo, gardo todos os números da revista e revisando algún de anos anteriores refresco a memoria sobre feitos que aconteceron daquela. O AMP ofrécenos, pois, unha ollada documental pero tamén emotiva “daqueles maravillosos anos...”

Tod@s os que colaboraron e/ou colaboran neste proxecto, sempre de forma desinteresada, poden estar orgullosos, pois cada un co seu gran de area, fixeron posíbel que este pequeno proxecto chegara xa ao número 100.

Podería contar anécdotas que sucederon arredor da súa publicación todos estes anos pero coido que xa non teño espazo, e tampouco me preguntou ninguén por ese tema... Deixareino para outra ocasión, longa vida ao A Micro Pechado!!

100 AEMEPÉS!



ALBERTE MONTES


Nos derradeiros números da publicación reza un lema na portada que di así: “La revista gallega de Catalunya. AGAFA’M!”. É algo que moitos pensábamnos, pero que aínda non se escribira. O “A micro pechado” (AMP) constitúe dende hai tempo un referente para a cultura galega en Catalunya, para a cultura galega na Galiza, para a cultura catalá en Catalunya, para a cultura catalá na Galiza, para... Constitúe un referente na cultura dende que se estreou, hai xa oito anos cun deseño discreto e con só dúas páxinas. Poucos daquela pensarían que chegaría hoxe ao número 100. Un número 100 onde destaca a cor, reticente a entrar a formar parte do “equipo”, ata hai uns cantos números. Así como un deseño máis moderno e un número de colaboradores importante,... xente que vén, xente que vai e xente que por moito que leve tempo non acaba de entregar a tempo, ehem.

Ademais, o AMP celebra o seu especial “aniversario”, este número 100, no mes de agosto, coma min. Polo tanto, os dous somos Leo, o cal ten moita lóxica, pois iso debe dicir a xente cando o ten nas mans: “Que fas con eso?” “Leo” “Moi bien”.

En canto á miña relación co AMP, direi que xa choveu dende que plasmei a miña primeira firma nas páxinas deste mensuario. Antes incluso de saír por aí a coñecer raparigas, escribía eu os meus pensamentos adolescentes no AMP. Á súa vez, servíume logo para “entablar” conversa con algunha: “Ti es Alberte Montes, o de “Como di minha nai?” “Si, si... son eu, tomamos un LK?”.

Efectivamente, dende finais do 2004 estreei unha sección fixa (ou case fixa) baixo o título de “Como di minha nai”. Son eu un home algo desordenado, e non acostumo a gardar exemplares. É miña nai quen se encarga desta tarefa, encántalle ler e reler todas as trapalladas que son capaz de escribir a partir dunha frase súa.

Só espero poder seguir colaborando, ampliando o catálogo de expresións maternas ou con calquera outra cousa. Sempre coa intención de entreter e estar a altura dunha publicación como o “A micro pechado”.



UNHA MIRADA GALEGA DO MUNDO

MARTÍ AVIÑOÁ

Pedíronme para este número unha reflexión sobre a miña vivencia subxectiva do A Micro Pechado. Estiven pensando moito como enfocalo, como plantexar algo que para min consistiu en mandar cada mes un artigo sobre algún tema de actualidade ou que me interesara nese momento. Despois de pensar moito, decidín facer un par de analoxías.

A primeira é coa realidade feminina como algo propio, diferente. O mundo senta sobre o patriarcado, sobre o machismo, sobre unha mirada estritamente branca, católica (de valores cristiáns), heterosexual e masculina do mundo. É un feito. Diante desta realidade cómpre ir máis alá das solucións alternativas prefabricadas, descafeinadas e reducidas ó ámbito do comercial, cómpre buscar alternativas ás alternativas. Cómpre recuperar a mirada política da realidade. Afirmaba Simone de Beauvoir que a muller non nace, faise, chega a construírse co tempo. Este proceso baséase nunha serie de patróns, é dicir, nunhas estruturas e relacións de poder de tipo represivo, culturalmente aprendidas, e aceptadas co silencio de moitas mulleres e coa complicidade de case todos os homes. Estas premisas poden ser superadas se entendemos que o poder tamén é aquilo que nos afirma, se entendemos que é posible e necesario construír a muller sen pasar polo filtro da masculinidade heterosexual. Existe un modelo de muller (inda tendo en conta que o xénero é un constructor cultural e social) especificamente separada da mirada masculina, do mesmo xeito que hai un mundolésbico, transexual, bisexual, gai, separado e diferenciado

da mirada esencialista, moralista, comercial e masculina heterosexual. É de vital importancia rachar coa idea da Muller “esposa, nai, irmá, noiva”, coa idea de “señora de” e reclamar o dereito de ser, de existir como algo ontoloxicamente diferente, cuns dereitos, uns desexos, unha liberdade, uns sentimentos, unhas emocións e uns obxectivos propios. Unha muller realizada é unha muller que toma as súas propias decisións con absoluta liberdade nun intercambio de igual a igual co seu entorno afectivo pero dende a súa diferenza específica.

A segunda analoxía é coa realidade LGTBQ. Como di Paco Vidarte na súa obra póstuma *Ética marica. Proclamas libertarias para unha militancia Lgtbq*, “Se algo así como unha Ética LGTBQ é pensable e desexable, ten que partir do feito de que a loita contra a homofobia non pode darse de xeito illado facendo abstracción do resto de inxustizas sociais e de discriminacións, senón que a loita contra a homofobia só é posible e realmente eficaz dentro dunha constelación de loitas conxuntas solidarias en contra de calquera forma de opresión, marxinação, persecución e discriminación”.

Estas dúas analoxías son moi gráficas para explicar o que é para min o AMP. Para min o AMP é un espazo para plasmar unha mirada galega do mundo, unha lectura da realidade en clave galega, dando a entender que somos iguais que calquera outro, pero a nosa igualdade parte da nosa diferenza recoñecida, da nosa especificidade, ser galegos é, en definitiva, o noso xeito de ser no mundo.



O MÁIS NOVO

SILVIO FALCÓN

Levo toda a vida acostumándome á ser o máis novo en moitas cousas. Hai xente que podería velo como unha cousa da cal presumir, mais hai que ser honesto: comezar antes non é comezar mellor. O AMP facémolo esencialmente xente nova; por idade (sería un dato

curioso calcular a media de idade) e por ganas. Se non fora polo traballo de Helena Domínguez e de tantos outros que a precederon, este proxecto non sería, hoxe, unha realidade que chegou xa á súa centésima edición.

Compromiso persoal é o que esixe levar adiante unha publicación como A Micro Pechado, por iso, todas as persoas que formamos parte de ERGAC temos e tivemos a responsabilidade de colaborar na medida do posíbel neste entu-

siasta proxecto. E, neste caso, o máis novo moitas veces debería ser o que menos participara do proxecto, o que menos comprometido tería que estar por mor da súa idade e da desconfianza xeral dos máis experimentados. Pero en ERGAC as cousas téñense feito doutro modo, doutro xeito. E o éxito do A Micro Pechado radica neste feito: a vontade é o único criterio. ERGAC e o AMP mesturan dous conceptos que deberían estar presentes en calquera proxecto comunicativo de calquera parte do planeta: vontade de traballo e compromiso co país e coa lingua.

Estamos lonxe, si. Pero cos 100 números do AMP, ERGAC converteuse na entidade da diáspora cun voceiro mensual con máis números na rúa. E iso é mérito do compromiso de todos; aínda que o máis novo sempre sexa o último en chegar. Mais a todos nos chega ese momento, na vida... Como se di na nosa terra: é lei de vida.

AMP nº 0
Abril 2000
2 páxinas
1.000 exemplares



AMP nº 41
Setembro 2003
4 páxinas
1.000 exemplares




AMP nº 97
Maio 2008
8 páxinas
500 exemplares



PARABÉNS!

ANA BELÉN REAL



Parabéns AMP, porque conseguiches chegar ao número 100, a pesar de todos os pesares. Parabens!

Aínda recordo aquel día, no que Antón (F. Escuredo) veu coa idea de poñer por escrito aquilo que se dicía nos programas de radio. "Toleou!", pensei. E aínda por riba, Manolo (Piñeiro) deulle azos e dixo: "Podería chamarse A Micro Pechado". "Outra vaca no millo!"- dixen para min. E en menos de dous meses, conseguiran liarme no proxecto, e tiña nas miñas mans o número cero daquilo chamado A Micro Pechado, que non se podía dicir que fose unha revista, nin un fanzine, nin unha... era unha folla escrita polas dúas caras de cor azul, azul galiza!

E mes a mes, cambiou de cor, de contidos e mesmo de número de follas. Tamén cambiaron ao longo do tempo: o tamaño da letra, os colaboradores, os directores, e a maquetadora... o que non cambiou nunca é a ilusión coa que mes a mes nos poñemos a facer o puzzle-crebacabezas que chega a ser o AMP. Enfados, porque os artigos non chegan a tempo; alegrías, porque nos felicitan dende os lugares máis insospeitados; satisfacción, polo traballo feito. 100 números de A Micro Pechado, 1.000 exemplares de cada vez, un mundo de xente informada do que pasa na Galicia catalá. Parabens, AMP!


GRAZAS! A todos os que enviastes imaxes, poemas, artigos e novas, ao longo destes anos

- | | | | | |
|--------------------------|----------------------|-----------------------------|---------------------|-----------------------|
| Abel Ubach | Diego Fernández | Judith Vázquez | Orazio Carapachay | Ugia Pedreira |
| Adela Trigo | Dores Senande | Lito Caramés | Óscar Beceiro | Vanessa González |
| Alberte F. Montes | Eduard del Castillo | Luísa Castro | Óscar O'Febras | Xavier Poza |
| Ana Belén Real | Eduard Folch Florido | Luís Berroy Blasco | Pablo Aguiar | Xesús Ferro Ruibal |
| André Mauricio | Eva Méndez | Manuel García | Patricia Buxán | Xiana Díaz Álvarez |
| Andreu Font | Elvira Domínguez | Manuel González Araujo | Pau Navarra | Xoán Álvarez |
| Ángel Hernández | Elvira Veloso | M. Rodríguez Troncoso | Paulo Martínez Lema | Xoán Carlos Díaz |
| Àngels Gutierrez | Eno Tobo (alcume) | Maruxa das Rulas (alcume) | Paulo Jablonski | Xoán Manuel Casado |
| Antón F. Escuredo | Francisco Castro | Marcos Conde | Raida Rodríguez | Xosé Aviñoá |
| Arandi Paz Fuentes | Farruco Sesto Novás | María do Cebreiro | Roi Vidal | Xosé L. Osorio |
| A. Reigosa | Fina Iglesias | María Xosé García Baralobre | Rosa Martos | Xosé Lois García |
| Basilio Losada | Fernam daFrieira | Mario Regueira | Rubén Conde | Xosé María Sancho |
| Brais González | F. Xabier Paradelo | Martí Aviñoá | Rubén Ortega | Xosé Manuel Conde |
| B. Blasco | Gerard Piñero | Miguel López Calzada | Rubén Permuy | Xosé Manuel Fernández |
| Pablo R. Leirado | Helena González | Mónica D. Barja | Samuel Selleiro | X. Carlos Díaz |
| Camilo Fdez. Valdehorras | Jesusa Rial | Mónica Domínguez | Sara Díaz | X. A. Pérez Bouza |
| César del Caño | Joan Suades | Moncha Prieto | Silvio Falcón | Xurxo Bértola |
| Cristina Crespo | Josep Villena | Olalla Cociña | Sonia Varela | |
| Daniel Salgado | Juan Álvarez | | Suso Mon | |

A MICRO PECHADO



EN ABRIL DO 2000
VEU AO MUNDO O
A MICRO PECHADO.
O MENIÑO TIÑA SO
DÚAS PÁXINAS.




OTERO, PEDRAYO? NON,
É ANTÓN, EL TIVO A
IDEA E FOI O PRIMEIRO
DIRECTOR.

ERGAC XA
FACÍA RADIO
DENDE O ANO
1993. ESTABA
NO AIRE PERO
TAMÉN QUERÍA
POÑER OS PÉS
NA TERRA. CO
AMP DIXEMOS:
PO-DE-MOS!!

EU FUN DIRECTOR
DA REVISTA DO
Nº40 AO 64. CHEGAMOS ÁS 8 PÁXINAS.



PERO ESTE PROXECTO NON
CHEGARÍA A NINGURES SEN O
TRABALLO DE MOITOS COLABORA-
DORES GALEGOS
E CATALÁNS.



EU SON HELENA DOMÍNGUEZ, TOMEI
O RELEVO DE X. MANUEL E APOSTEI POR
UN LOOK UN POUCO MÁIS MODERNO
PARA O AMP. ENTRE TODOS
FIXÉMOLO CHEGAR XA
AO Nº **100!!**



XOSÉ
MANUEL 2008

Edita: ERGAC-Espazos Radiofónicos Galegos
en Catalunya.
APDO. CORREOS Nº. 501
08080 Barcelona
www.ergac.org
infoergac@gmail.com



REGISTRO LEGAL Nº B-28699-2001
■ Membre de la Taula de Comunicació del
consell municipal d'associacions de Barcelona.
■ Membre de Rede.cat.

A MICRO PECHADO

Dirección: Helena Domínguez. **Colaboradores:** Pablo Aguiar, Martí Aviñoá, B. Blasco, Eduard del Castillo, Cristina Crespo, Antón F. Escuredo, Xosé Manuel Fernández, Suso Mon, Alberte Montes, Lito Caramés, Ana Belén Real, Judith Vázquez, Miguel L. Calzada.

Maquetación: Helena Domínguez.

CONTACTO: amicropechado@yahoo.es
www.ergac.org/amicropechado.html

TIRAXE: 300 exemplares.

IMPRESIÓN: Master- Graf. Barcelona.



SUBSCRICIÓN: Ingreso dunha cota anual de 20 euros en Caixa del Penedés: 2082-0308-55-3300004603. Envío por correo postal a domicilio (12 números ao ano).
■ Esta publicación recibe unha subvención da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.
■ Agradécese a reprodución dos contidos citando a fonte de procedencia, así como a súa transmisión e distribución en calquera forma ou medio.
■ A dirección da publicación non se fai responsable das opinións dos colaboradores nin dos criterios dos anunciantes.

